

Allí vive unha familia moi singular ao tempo que bastante plural. Isto quere dicir que coma eles non hai outros.

Son a familia Palpatore.

Non se sabe moi ben de onde veñen nin tampouco se sabe a onde queren chegar.

Os Palpatore son extraordinarios e teñen aspectos moi diferentes entre si coma todas as familias. Tamén, coma todas as familias, gardan grandes segredos.

Ó achegarse o Nadal, a familia Palpatore comeza a ferver.

Toca traballar sen descanso durante todo un mes e non están afeitos a tanto traqueto.

Eles son os mellores coñecedores de toda a maxia que acontece en estas datas de culto e celebración.

**CACHOPO MÁXICO** é unha alegre interpretación do Nadal dende a perspectiva dos costumes galegos máis antigos que cuestiona a influencia da modernidade sobre a cultura popular e reivindica os bos saberes ancestrais.

